

# CONFERENCIA DE ASEMBLEAS LEXISLATIVAS REXIONAIS EUROPEAS

**Florenxia 1999**

## **Declaración final**

Os presidentes das asembleas lexislativas rexionais de Europa

Consideran que, despois da unidade económica e monetaria, os tempos están maduros para asumir un compromiso máis profundo relacionado coa difusión dun forte pensamento europeo entre os cidadáns, como premisa para a construción dunha Europa politicamente unida.

Dende esta perspectiva, consideran importante a contribución que as asembleas lexislativas rexionais poden darlle á unidade europea, á luz dos principios de subsidiariedade e proximidade. A Europa máis próxima aos cidadáns non é tanto a dos estados membros canto a dos länder ou as rexións e os seus parlamentos.

Xa no documento da primeira Conferencia de Oviedo (6 e 7 de outubro de 1997) citábanse:

- 1) A Declaración da Asemblea das Rexións de Europa (Basilea, 4 de decembro de 1996), cuxo artigo 12.10 dispón que “deberán establecerse mecanismos de contacto entre o Parlamento europeo e os parlamentos rexionais en canto institucións que representan directamente a vontade dos cidadáns”.
- 2) As teses de Stuttgart relacionadas co rol das asembleas e parlamentos rexionais na política europea (6 de maio de 1997), cuxo primeiro punto afirma que “os parlamentos rexionais deben colaborar de xeito decisivo na elaboración da política europea”.
- 3) A declaración de Alemaña, Austria e Bélxica sobre a subsidiariedade incluída no Tratado de Amsterdam (2 de outubro de 1997), segundo a cal “para os gobernos alemán, austríaco e belga é evidente que a acción da comunidade co principio de subsidiariedade non afecta soamente os estados membros senón tamén as súas articulacións en länder ou rexións, na medida en que estes dispoñen dun poder lexislativo propio outorgado polo dereito constitucional nacional”.

Na declaración da segunda Conferencia (Salzburgo, 6-7 de outubro de 1998), facíase explícita referencia, en vista das futuras reformas institucionais da Unión Europea, ao principio de subsidiariedade recoñecido por primeira vez no Tratado de Maastricht e pedíase:

- 1) Que as rexións tivesen a posibilidade de defender, elas mesmas e directamente, os seus propios poderes lexislativos perante a Corte de Xustiza.
- 2) A elaboración dunha explícita lista de competencias das rexións nos tratados sobre os que se basea a Unión Europea.

3) O fortalecemento da colaboración entre o Parlamento europeo e os parlamentos rexionais, sen menoscabo das competencias do Comité de Rexións.

Con estas premisas

Os presidentes das asembleas lexislativas rexionais de Europa aproban a seguinte declaración:

### **Importancia das relacións entre länder ou rexións con poder lexislativo**

Unha estreita relación entre as asembleas lexislativas das rexións europeas é importante para mellorar o coñecemento recíproco, facer efectivas colaboracións, elaborar estratexias de acción ante a opinión pública con miras ao crecemento do pensamento europeo e para intercambio de experiencias. Considérase polo tanto útil que cada asemblea rexional constituía no seu seo unha Comisión de Asuntos Europeos e que se dea vida a un programa de intercambio, coa finalidade de dar a coñecer a todos os membros da Conferencia de Asembleas Lexislativas Rexionais de Europa (CALRE) as iniciativas que cada asemblea tome en temas de política europea. Para tal fin, todo documento relacionado coa comunidade europea aprobado polas asembleas lexislativas rexionais debería ser enviado ao presidente da rexión ou do land con funcións de coordinación *pro tempore*, que llelo enviará a todos os membros da CALRE. É de desexar que se utilicen con esta finalidade tamén os medios informáticos.

### **Recoñecemento oficial das relacións entre asembleas lexislativas rexionais de Europa e Parlamento europeo, para incorporar nos tratados comunitarios**

A CALRE considera importante que se establezan estreitas relacións co Parlamento europeo, para favorecer os procesos de integración e intercambio entre as asembleas lexislativas e para achegar os grandes temas da política da Unión aos cidadáns.

Os presidentes das asembleas lexislativas das rexións de Europa consideran, polo tanto, moi útil lograr que no conxunto normativo comunitario se faga unha clara e concreta referencia aos parlamentos rexionais dos estados membros, coa finalidade de dar corpo a un texto que defina as relacións entre parlamentos rexionais, nacionais e europeos. Sería oportuno que tal referencia se incluíse no marco do Tratado ou nunha declaración anexa, seguindo o modelo do acordo de Amsterdam, se a primeira hipótese non fose posible.

Para tal fin deberíase obter un recoñecemento oficial no regulamento interno do Parlamento europeo, respecto da participación de representantes da CALRE nos traballos do Comité de Política Rexional e outras comisións, polo menos cando se tratan temas que atinxen aos länder ou ás rexións.

### **Participación das asembleas lexislativas nas decisións sobre os temas de cohesión e extensión da Unión Europea**

Coa finalidade de facer máis concreta a presenza dos parlamentos rexionais nun sector das políticas comunitarias moi delicado, como é o problema do reequilibrio entre os estados membros da Unión, os presidentes das asembleas lexislativas rexionais de Europa

consideran que sería oportuno implicar os länder e as rexións no debate sobre o grande tema da cohesión social e territorial. Para tal fin, no Parlamento europeo deberían ser escoitados representantes da CALRE, en calidade de consultores, cando se deciden correccións ou se discuten os balances de concesión de fondos estruturais.

A CALRE subliña de xeito especial e con profunda satisfacción a resolución do Parlamento europeo do 19 de novembro de 1998, relacionada coas propostas de regulamento do Consello, en virtude da cal se establecen normas xerais sobre os fondos estruturais, que prevén consultas obrigatorias ás asembleas lexislativas.

Con respecto ao anteriormente dito, a CALRE xulga moi positivamente a Resolución 1151 (1998) da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa adoptada pola Comisión Permanente o 18 de marzo, na cal a Asemblea invita o CPLRE a definir instrumentos para establecer un diálogo político coas rexións dotadas de poderes lexislativos.

A Conferencia de Florencia desexa rematar os seus traballos facendo votos por:

- 1) Que sexan postas rapidamente en práctica as propostas contidas no Tratado de Amsterdam en materia de democracia, liberdade e dereitos humanos, estado de dereito, solidariedade e cohesión.
- 2) Que se progrese na loita contra o desemprego, en tema de recoñecemento de dereitos sociais fundamentais, na loita contra a exclusión social e, en especial, no sector da igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes.
- 3) Que se intensifique o esforzo das rexións en favor da adhesión dos países do Leste que pediran a súa incorporación á Unión Europea.

Considera necesario, ademais, facer un firme chamamento a toda a Comunidade Europea, e a través dela aos gobernantes de cada un dos estados, para que a paz en Europa e no mundo, baseada na democracia, a xustiza, o respecto dos dereitos humanos, a liberdade e a solidariedade entre os pobos, figure entre os obxectivos primarios por acadar a través dunha política exterior común e cun ben orquestrado empeño diplomático.

A Conferencia de Florencia fai votos para que o Parlamento europeo, en aplicación do Tratado de Amsterdam —artigos 61 e 63—, promova, en unión co Comité das Rexións, o Consello e a Comisión, a constitución dun organismo coordinador entre expertos das institucións rexionais, estatais e comunitarias, co fin de elaborar un proxecto común para solucionar os problemas formulados polos movementos migratorios e a acollida e coherente integración desa parte da poboación procedente de países alleos á Comunidade.

Non soamente a CALRE senón tamén todos os homes e mulleres de Europa miran con confianza e esperanza cara a estes obxectivos, sabendo que a cultura dos pobos europeos pode brindarlle aínda moito á humanidade enteira.

A CALRE acolle positivamente a constitución dos novos parlamentos de Escocia e de Gales e fai votos para que a súa integración na CALRE mesma se concrete canto antes, para que aqueles contribúan a reforzar o movemento.

Facúltase o presidente organizador da Conferencia a transmitirles os documentos aprobados a todas as institucións interesadas.